



# Formación Profesional Complementaria

## Obxectivos xerais

A finalidade desta formación é facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social do alumnado, engadindo unha compoñente de formación profesional específica adaptada ás posibilidades do alumno ou alumna. Os obxectivos xerais son:

- Afianzar e desenvolver as capacidades dos alumnos/as, nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos, morais, cívicos e de inserción social, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
- Fomentar a participación dos alumnos e alumnas en todos aqueles contextos nos que se desenvolve a idade adulta: a vida doméstica, utilización de servizos á comunidade e disfrute de ocio e tempo libre, entre outros.
- Promover o desenvolvemento de actitudes laborais de seguridade no traballo, actitude positiva ante as tarefas e normas elementais de traballo, así como a adquisición de habilidades laborais de carácter polivalente.
- Promover os coñecementos instrumentais básicos, adquiridos na educación básica, afianzando as habilidades comunicativas e numéricas, a capacidade de razoamento e resolución de problemas da vida diaria, así como o desenvolvemento da creatividade dos alumnos.
- Potenciar hábitos vinculados coa saúde corporal, a seguridade persoal e o equilibrio afectivo, para desenvolver a súa vida co maior benestar posible.



## Ámbitos de coñecemento

### *Iniciación Laboral*

#### **Horario**

Nove sesións lectivas semanais, sempre que sexa posible en bloques de, alomenos, dúas sesións, para facilitar o traballo de obradoiro.

#### **Profesorado**

Profesorado Técnico de Formación Profesional, preferentemente de áreas relacionadas con tarefas non mecanizadas ou de baixo nivel de complexidade mecánica, para adaptarse ás capacidades dos alumnos e alumnas. Sempre que sexa posible optarase con profesorado con experiencia en Educación Especial.

#### **Desenvolvemento**

Ten como finalidade achegar aos alumnos e alumnas ao contorno productivo desenvolvendo neles actitudes laborais axeitadas a través de actividades asequibles o máis próximas posible ao mundo laboral. Buscarase adaptar tanto a actividade como o nivel de esixencia ás capacidades de cada un dos integrantes, facendo unha individualización da ensinanza e atendendo á diversidade en tódalas súas variables.

En función da perspectiva do alumno este orientarase cara á Formación en Centros Ocupacionais, ao Emprego Protexido ou á súa integración no contorno productivo ordinario.

As actividades, que poderán incluír elementos de artes gráficas e encadernación, manualidades e arte en cerámica, madeira e talla, cultivos, restauración, lavandería ou calquera outra que o equipamento do centro permita, plantexaranse sempre dende o concreto para xeralizar hábitos e acadar competencias. Na medida do posible estas actividades buscarán reforzar o traballado no resto das áreas.



## *Formación Básica*

### **Horario**

Dez periodos lectivos, sempre que sexa posible en bloques de, alomenos, dúas sesións, para facilitar o desenvolvemento de actividades complementarias dentro ou fora do centro.

### **Profesorado**

Mestres de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe, segundo a organización do centro o permita para cubrir as necesidades maioritarias do grupo.

### **Desenvolvemento**

Toda vez que os nosos alumnos e alumnas se teñen incorporado aos programas de transición á vida adulta, o ámbito de desenvolvemento social mediante a formación básica, debe incidir na participación no medio, nos recursos da cidade ou localidade, na utilización destes para ocupar o seu ocio e tempo libre en función dos seus intereses. Todo isto vehiculado no repaso e afianzamento daquelas competencias básicas que a través da Formación Básica da EE foron adquiridas, particularmente os contidos de comunicación e relación terpersoal e convivencia a través da linguaxe e dos seus distintos SAAC .

## *Formación e Orientación Laboral*

### **Horario**

Catro periodos lectivos.

### **Profesorado**

Profesorado de Secundaria Experto en Formación e Orientación Laboral, preferentemente con experiencia en Educación Especial.

### **Desenvolvemento**

Aprendizaxe de técnicas de carácter específico ou polivalente que dirixan ao alumnado a unha inserción laboral e dotarlles de recursos para a súa participación no mesmo. Plantéxase tamén



como obxectivo que os alumnos e alumnas adquiran uns coñecementos básicos que lles permitan traballar en condicións de seguridade e previr os riscos derivados do traballo.

A atención ás debidas normas de comportamento, respecto e etiqueta no traballo será outro dos eixos a desenvolver, toda vez que un obxectivo fundamental desta formación e instaurar patróns normalizados de relación no contorno productivo.

Cando as capacidades do alumnado o permitan entraranse en cuestións relacionadas coa lexislación e ordenación laboral máis básica, tales como qué é unha nómina ou un sindicato.

### *Transición á vida adulta*

#### **Horario**

Seis periodos lectivos.

#### **Profesorado**

Mestres de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe ou Primaria.

#### **Desenvolvemento**

Ten como finalidade desenvolver o maior grao de autonomía e independencia persoal, sempre en función das capacidades do noso alumnado. O ámbito de Transición á Vida Adulta debe incidir na preparación do alumno ou alumna a un coñecemento do seu corpo e das súas necesidades persoais, tales como hixiene, vestido, alimentación, saúde e expresión, afectivas e esexuais; para que sexan, en función dos seus intereses, quen determine como satisfacelas. É tamén obxecto deste ámbito de experiencia como o alumnado se relaciona co espazo e co tempo máis próximo e como se poñen en práctica as súas habilidades e estratexias para a independencia no fogar.

### *Titoría*

#### **Horario**

Un periodo lectivo.



## **Profesorado**

A titoría será asignada a un dos docentes que impartan un número significativo no horas no grupo (preferentemente Formación Básica, Transición á Vida Adulta ou Iniciación Laboral).

## **Desenvolvemento**

A titoría é un recurso fundamental na cohesión do grupo e na atención á diversidade, así como unha ferramenta clave na coordinación do equipo docente e no axuste das programacións á realidade da aula. O referente para a titoría serán, ademáis dos expostos, a Plan de Acción Titorial do centro.

## *Relixión ou a súa alternativa*

## **Horario**

Dous periodos lectivos.

## **Profesorado**

Profesorado de Relixión do centro para o grupo que asista a relixión.

## **Desenvolvemento**

O desenvolvemento de valores e normas de comportamento na vida adulta axeitados ás crenzas católicas centran a actividade neste ámbito, particularmente aquelas que teñen que ver co disfrute máis pleno da vida adulta o máis independente posible dentro do marco da moral católica. A felicidade e o desenvolvemento do propio proxecto vital son obxectivos básicos.

Para o alumnado que opte por non cursar estes estudos, estarase ao previsto no PEC do centro.